



Resolución de 30 de outubro de 2014 relativa á convocatoria da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, de 12 de marzo de 2014, no contexto do PLAN LÍA 2010/2015 de Bibliotecas Escolares (*Lectura, Información e Aprendizaxe*), dun concurso para o impulso e recoñecemento de TRABALLOS POR PROXECTOS baixo a coordinación (ou coa participación) da biblioteca escolar, en centros públicos non universitarios de titularidade da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, para o curso 2013/2014.

Con data 12 de marzo de 2014, a Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos fixo pública a convocatoria dun concurso para o impulso e recoñecemento de traballos por proxectos baixo a coordinación (ou coa participación) da biblioteca escolar, e no que poderían participar centros públicos non universitarios de titularidade da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, para o curso 2013/2014.

Tratábase así de estimular, mediante o recoñecemento de boas experiencias de traballos por proxectos, o deseño e desenvolvemento de proxectos de carácter interdisciplinar ou de proxectos de investigación, baixo a coordinación do equipo de biblioteca escolar ou co apoio desta, na liña da metodoloxía de aprendizaxe baseada en proxectos (ou ABP), realizados en centros non universitarios durante o presente curso 2013/2014.

Reunido o xurado para a valoración dos traballos presentados, previsto no apartado cuarto da devandita convocatoria, de acordo coa proposta formulada por este xurado e de conformidade cos apartados primeiro, segundo, quinto e sexto do texto de referencia,

RESOLVO:

Primeiro.- Facer pública a relación de centros que resultan galardoados na primeira convocatoria do concurso de Traballos por Proxectos, trala selección do xurado na súa reunión do día 23 de outubro de 2014, véspera do Día da Biblioteca.

Segundo.- Conceder os premios previstos no apartado sexto da convocatoria aos centros que se relacionan no Anexo I, polos traballos que se especifican.

Terceiro.- Asignar as contías que se sinalan no anexo I aos centros relacionados, que **deberán destinarse a programas da biblioteca escolar para educación en información e fomento da lectura.**

Cuarto.- Desde esta dirección xeral falicitarase un impreso para a xustificación correspondente.

Quinto.- Tal e como se recolle no apartado oitavo da convocatoria de 12 de marzo, os proxectos son propiedade dos seus autores pero estes, desde o momento que participan no concurso, recoñecen á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria o dereito de reprodución, publicación, difusión, distribución e comunicación (en calquera soporte e formato) dos proxectos premiados para a súa consulta e descarga en liña do seu contido en calquera dos medios dispoñibles (nomeadamente na páxina web de Bibliotecas Escolares de Galicia), e en



calquera das formas, medios e modalidades que a tecnoloxía permita. Así mesmo, poderán ser difundidos a través das actividades e dos medios da Rede de formación permanente do profesorado.

Santiago de Compostela, 30 de outubro de 2014

José Manuel Pinal Rodríguez
Director Xeral de Centros e Recursos Humanos



ANEXO I

| Modalidade | Temática | Centros Premiados | Concello | Provincia | Título | Asign. |
|---|----------|-------------------------------|---------------------|------------|---|--------|
| 1. Proxectos Documentais integrados, coordinados desde a biblioteca escolar | Xenérica | CEIP Mestres Goldar | Vigo | Pontevedra | <i>A alimentación</i> | 2.000€ |
| | | CPI Cruz do Sar | Bergondo | A Coruña | <i>Bergondo nun conto</i> | 2.000€ |
| | | CPI Manuel Suárez Marquier | O Rosal | Pontevedra | <i>E agromará outro bosque</i> | 2.000€ |
| | Ciencias | CEIP Agro do Muíño | Ames | A Coruña | <i>Riada de libros</i> | 2.000€ |
| | | CEIP da Espiñeira-Aldán | Cangas | Pontevedra | <i>As plantas</i> | 2.000€ |
| | | CEIP Plurilingüe Alex. Bóveda | Redondela | Pontevedra | <i>Medindo e contando</i> | 2.000€ |
| 2.a. Proxectos de investigación de grupo/nivel | Xenérica | EEI de Vide | As Neves | Pontevedra | <i>En marzo pintamos con Miró</i> | 1.000€ |
| | | IES Xoán Montes | Lugo | Lugo | <i>Mulleres con valor</i> | 1.000€ |
| | Ciencias | CPI San Vicente | A Baña | A Coruña | <i>Comesán 2014. Aprendo a investigar</i> | 1.000€ |
| | | CEIP A Rúa | Cangas | Pontevedra | <i>Viaxe polo universo</i> | 1.000€ |
| 2.b. Proxectos de investigación de ciclo/departamento | Xenérica | CEIP de Porto Cabeiro | Redondela | Pontevedra | <i>Tralas pegadas do home na Historia</i> | 1.500€ |
| | | CEIP Manuel Rodríguez Sinde | A Guarda | Pontevedra | <i>Proxecto Chuny Vázquez</i> | 1.500€ |
| | Ciencias | CPI Virxe da Saleta | San Cristovo de Cea | Ourense | <i>A arte da Natureza</i> | 1.500€ |
| | | CEIP Juan Rey | Lourenzá | Lugo | <i>O niño de Cecilia</i> | 1.500€ |
| 2.c. Proxectos realizados na materia de 1º de ESO "Proxecto Interdisciplinar" | Xenérica | IES Monte Carrasco | Cangas | Pontevedra | <i>Danzas tradicionais de Cangas</i> | 1.000€ |
| | Ciencias | CPI Cernadas de Castro | Lousame | A Coruña | <i>Xogos</i> | 1.000€ |

* O Xurado fai ademais unha mención especial, sen asignación económica, do traballo presentado polo IES de Ponte Caldelas titulado "Desexos cumpridos. Un conto do Barroco que remata... no século XXI?", pola orixinalidade e o valor emocional da súa proposta.